

# Reconversión

Un Vigo distinto, un tempo distinto

Sara Santamaría

## Sempre

me sentín atraída por coñecer feitos da historia, do pasado, de como vivían as persoas antes de que eu nacesse, como era a España ou a Galiza de antes do meu nacemento, a Galiza dos meus pais, e a dos meus avós. Resulta fascinante aprender sobre o pasado, e precisamente diso trata esta peza.

O pasado 12 de abril tiven o meu habitual encontro co teatro. Esta vez tocou ver o último espectáculo de Ibuprofeno Teatro, *Reconversión*. Trátase pois dunha radiografía da cidade de Vigo, pero non da cidade actual tal e como a coñecemos hoxe, senón da cidade entre os anos sesenta e oitenta: na época na que Vigo empezou a medrar grazas á industria do automóbil, os estaleiros ou a industria pesqueira.

A peza, de carácter coral e autoficción, dramatiza a historia do propio director (Santiago Cortegoso) e da súa familia, centrándose na figura do pai, traballador do desaparecido estaleiro ASCON. Unha obra na que o director, como o personaxe do Fillo, asiste en escena aos acontecementos da súa propia historia. Observa como un mero narrador onisciente a acción e intervéen en momentos clave para avanzar ou ofrecer matices.

Completan o elenco Artur Abad, Cristina Collazo, César Goldi, Celia González, Davide González, Fran Lareu e Nani Matos, quen se encargan de dar vida aos diferentes personaxes que acompañan o Fillo; o Pai, a Nai, a Avoa, ou aqueles personaxes que axudan a contextualizar a peza: Franco, Carmen Polo, Felipe González, Naranjito ou Boyer.

Así mesmo, o elenco encárgase do espazo sonoro. Como se dunha banda de música en directo se tratase, intervéen en cada unha das transicións creando a sensación de ser parte da mesma. Dende a butaca percíbese certo aire a verbena, o que tamén ofrece un espectáculo musical.

En canto ao espazo escénico (que corre a cargo de Pablo Giráldez), este semella unha obra en construción. A medida que avanza a peza descubrimos que se trata dun estaleiro. Mais debemos ter en conta que este está en constante movemento e que o espazo se converte para dar lugar a outros aspectos da vida dos protagonistas.

Se nos centramos no vestiario (Marian Bañobre), vemos o emprego de policromía de cores principalmente azuis e laranxas, e brancos, predominante en todo o elenco, a excepción do Fillo, que se diferencia deles vestindo unha camisa que leva os mesmos motivos que o resto do elenco mais non é igual. Isto indícanos a diferenza entre elenco e narrador-personaxe, realzando o feito de que el non participa dos feitos mais asiste a súa reconstrución.

Continúa a acción a medida que avanza a vida do Pai, como a loita na folga e rebelión dos sindicatos, observamos a reconversión industrial da cidade e con ela o peche dos estaleiros. Paralelamente chegamos a unha incógnita: Rosa. Os saltos temporais permítennos descubrir sobre a mesma. Esta incógnita vai perseguir o Narrador-Fillo durante toda a peza. Pois Rosa é o nome que pronuncia o Pai nos seus últimos anos, cando os indicios da demencia comezan a borrar os recordos. E é o nome que impulsa ao Narrador-Fillo a creación desta peza.

Como conclusión, gustárame resaltar que a peza sobresaia pola súa coralidade, que é o que lle dá sentido e significado á mesma. O elenco dá forma á narración do Fillo mediante a acción. O Fillo asiste aos acontecementos anteriores a si mesmo. E aquí poderíamos falar de homenaxe. Unha homenaxe a un tempo pasado, unha homenaxe aos que loitaron polos seus dereitos, unha homenaxe dun fillo a un pai. #

## *Reconversión, Ibuprofeno Teatro*

**Elenco:** Artur Abad, Cristina Collazo, Santiago Cortegoso, César Goldi, Celia González, Davide González, Fran Lareu, Nani Matos

**Texto e dirección:** Santiago Cortegoso

**Codirección e iluminación:** Carlos Álvarez-Ossorio

**Escenografía:** Pablo Giráldez "O Pastor"

**Deseño son e dirección musical:** Alonso Caxade

**Vestiario:** Marián Bañobre

**Xastrería:** Bety Bustó

**Caracterización:** Baia Fernández

**Movemento escénico:** Armando Martén

**Imaxe e fotografía:** Diego Seixo

**Asistencia de dirección:** Natalia Feijoo

**Técnica en xira:** Héctor Pazos, Laura Triñanes

**Produción e comunicación:** Fátima R. Varela

**Produción e distribución:** Ibuprofeno Teatro SL

Axuda á creación escénica da Agadac

**Vigocultura. Auditorio do Concello.**  
**Vigo, 12 de abril de 2025.**